

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A FUNDACIÓN CATEDRAL DE SANTIAGO PARA A ORDENACIÓN DAS VISITAS CULTURAIS E TURÍSTICAS Á CONTORNA DO PÓRTICO DA GLORIA

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, D^a María Nava Castro Domínguez, en representación da **Axencia Turismo de Galicia**, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de Compostela, en calidade de directora, en virtude do nomeamento realizado polo Decreto 159/2016, do 24 de novembro (DOG núm. 226, do 25.11.2016), e actuando en virtude das facultades conferidas polo artigo 5 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, e polo artigo 19 dos ditos estatutos.

Doutra, D. _____, na súa condición de Director Xeral da **Fundación Catedral de Santiago**, en virtude do nomeamento efectuado en data 15 de abril de 2011. Por acordo do Padroado da Fundación Catedral de Santiago ampliáronse as súas facultades e foron elevadas a público, actuando así en representación da Fundación Catedral de Santiago.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e innovación, o

desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión dos produtos turísticos da Comunidade galega e particularmente do produto estrela de todos os galegos, o Camiño de Santiago.

Que no exercicio das súas funcións, lle corresponde executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Que a Fundación Catedral Santiago ten entre os seus fins, a promoción, fomento e difusión da Catedral de Santiago de Compostela, o seu entorno e o seu patrimonio artístico e cultural, así como a xestión, explotación e posta en valor das infraestruturas da Catedral de Santiago, o seu entorno e o seu patrimonio artístico e cultural.

Terceiro.- Que entre os anos 2008 e 2018 levouse a cabo o proxecto de restauración do Pórtico da Gloria da Catedral de Santiago, obra mestra da historia da arte universal, que presentaba unha importante deterioración, fundamentalmente ocasionada polas filtracións de humidade, condensación e acción humana, e outras patoloxías.

O Pórtico da Gloria constitúe o eixo fundamental do proxecto realizado na catedral de Santiago, baixo a dirección do Mestre Mateo, entre os anos 1168 e 1211, que incluíu a conclusión da construción da catedral románica e o seu acondicionamento e ordenación espacial para os usos cerimoniais do templo. A obra, supuxo a introdución dun estilo novo e de innovadoras solucións construtivas e decorativas, de aí a súa gran importancia a nivel histórico – artístico. Así mesmo, co Mestre Mateo inaugurouse unha arte galega con identidade propia, constituíndo, por tanto, un referente simbólico para Galicia. De aí a relevancia da figura de Mateo, a pesar do descoñecido da súa orixe, procedencia ou formación.

Co Pórtico da Gloria, que hoxe vemos mutilado, ao suprimirse a fachada exterior que o completaba e modificados os accesos ao interior da catedral e a comunicación coa cripta e a

tribuna, partes esenciais do conxunto, Mateo creou unha nova hierotopía dentro da catedral compostelá; un espazo sacro con personalidade propia que, fronte ao que cabería pensar despois das últimas décadas, non tiña uns accesos xeneralizados e frecuentes e si un funcionamento reservado e particular relacionado con grandes solemnidades e ocasións especiais.

Os traballos de restauración organizaronse en varias fases, desde os estudos previos, á recuperación das capas de policromía que se achaban ocultas pola sucidade e outros factores que afectaban á obra. Todo iso obrigou ao peche do Pórtico ás visitas, salvo algunhas campañas puntuais e limitadas que permitiron o acceso ás estadas, privando á sociedade da contemplación dun elemento único.

Terminados os traballos, é hora de compensar á sociedade a súa paciencia e de mostrar e transmitir o que supuxo este gran proxecto, a recuperación dunha obra excepcional que se atopaba en gravísimo risco de perda. Con todo, é preciso aplicar necesarias medidas de conservación preventiva que garantan a duración dos traballos realizados e impidan unha nova deterioración da obra; tal e como demostran todos os estudos e análises realizadas, se non levan a cabo estas medidas de protección, o Pórtico da Gloria volvería, nun curto período de tempo, a estar en risco.

No esencial, as referidas medidas de conservación preventiva débense centrar nos seguintes aspectos:

- Mantemento dunhas condicións ambientais estables dentro dos parámetros establecidos polos expertos en restauración e conservación
- Regulación dos fluxos de visitas e os accesos para evitar a alteración deses parámetros ambientais e riscos físicos por acción humana no Pórtico
- Iluminación adecuada para permitir a mellor contemplación e comprensión da obra sen causar danos á policromía.

Todo iso, obrigará a implantar un sistema de ordenación das visitas culturais e turísticas á contorna do Pórtico da Gloria co obxectivo de protexelo, abrílo á sociedade, poñelo en valor e permitir a sustentabilidade do proxecto de conservación e difusión que require unha obra da transcendencia do Pórtico.

Formúlanse dúas fases provisionais, desde o momento da presentación pública da restauración, prevista para o mes de xullo de 2018, ata a conclusión das obras de rehabilitación da catedral, previstas para os meses finais de 2020, ás portas do Ano Santo 2021. Estas obras no interior do templo, obrigarán a protexer a contorna do Pórtico da Gloria para evitar filtracións de po que afecten á obra.

Na primeira fase, e unha vez concluída a restauración do Pórtico, desmontados as estadas e celebrado o acto institucional de presentación, procederase á apertura ao público do Pórtico da Gloria, que terá unha duración aproximada de tres meses e concluirá cando sexa preciso instalar os elementos de conservación na contorna (máquinas de climatización, iluminación definitiva, etc.) e illalo do resto da catedral polas obras de rehabilitación na mesma.

O obxectivo desta I fase, que ten carácter provisional, será atender á demanda e interese de composteláns e visitantes por volver contemplar o Pórtico da Gloria despois de tanto tempo, incidindo na importancia dos traballos realizados, na significación do Pórtico da Gloria e, en xeral, o proxecto do Mestre Mateo e, tamén, na necesidade de conservar o patrimonio cultural para transmitilo a xeracións vindeiras.

Para esta I fase, que ademais coincide coa tempada de maior afluencia de visitantes e peregrinos á cidade e coa festa de Santiago, preténdese un programa de visitas áxil que permita o acceso ao maior número de persoas sen desatender as esixencias de conservación, que obrigan a establecer unhas cotas de capacidade e uns ritmos de visita.

O sistema de visitas proposto para esta I fase que, como se comentou, ten como obxectivo chegar ao maior número de visitantes sen afectar á conservación da obra, supón un importante esforzo organizativo e económico para a catedral, respondendo á demanda social, ao gran

interese público xerado co proxecto de restauración e a súa conclusión, tras dez anos de traballos. Ademais, coincide co período de maior afluencia turística á cidade, cunha importante presión sobre o monumento e a necesidade de adoptar as citadas medidas de protección e control.

Tamén será necesaria unha xestión adecuada de colas no exterior da catedral (Praza do Obradoiro), o que requirirá unha adecuada e fluída colaboración coas autoridades competentes na orde no espazo público urbano.

Cuarto.- Que a Axencia Turismo de Galicia, dentro das súas competencias, está interesada en apoiar as actuacións recollidas na cláusula anterior, polo valor cultural e turístico que ten o Pórtico da Gloria no marco da Catedral de Santiago, punto de chegada para os millares de visitantes e peregrinos a Santiago, contribuíndo á promoción do Camiño de Santiago e da comunidade Autónoma de Galicia.

Concorren así, aos efectos do establecido nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, razóns de interese público para o outorgamento da subvención. Así mesmo, dada a especialidade do obxecto do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública ao ser a Fundación Catedral de Santiago a única entidade competente para a súa execución.

En consecuencia, as partes acordan subscribir o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto deste convenio é regular as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Fundación Catedral de Santiago para a ordenación das visitas ao Pórtico da Gloria nunha primeira fase, que se desenvolverá entre finais de xullo a mediados de setembro de 2018.

Os aspectos fundamentais do programa de visitas nesta fase son os seguintes:

- O acceso realizarase pola fachada do Obradoiro a través da escalinata barroca. O lateral dereito da escalinata principal servirá para o acceso e o esquerdo para a saída.
- As visitas serán gratuítas e por rigorosa orde de chegada á porta do Obradoiro.
- Os visitantes de agruparán en grupos de 20/25 persoas como máximo, entregándose un billete de invitación numerado a cada un dos visitantes.
- O primeiro filtro de visitantes realizarase na reixa do Obradoiro, onde haberá un punto de control formado por dous vixiantes de seguridade, que só permitirán a subida ao grupo de visita e ao que quedará en espera. Neste punto, ademais, farase entrega dun folleto informativo sobre o Pórtico da Gloria, dispoñible en galego, castelán e inglés.
- Na terraza superior, ante a portada do Obradoiro, estará un segundo punto de control, que facilitará o acceso ao interior, por unha das portas laterais, mentres que a outra quedará de saída. Igualmente, este punto estará formado por dous vixiantes de seguridade e, antes de entrar, facilitarán a cada visitante unhas calzas para evitar o paso de sucidade e humidade á contorna do Pórtico da Gloria.
- Poderase estar no interior do Pórtico por un tempo máximo de 15 minutos, tras o que deberá desaloxarse para a entrada do seguinte grupo. Deste xeito, cada media hora haberá dous grupos como máximo, en total 50 persoas.
- Cando as condicións permítano, a saída tamén poderá facerse cara ao interior da catedral. Esta quedará separada da contorna do Pórtico por unhas sinxelas barreiras de aceiro e madeira e dous paneis, un a cada extremo, con información sobre as visitas e o Pórtico.

- Outros dous vixiantes de seguridade (completando o equipo permanente de seis en todo o horario de apertura) controlarán o respecto a esa barreira de separación e explicarán ao público como proceder para poder facer a visita

- As visitas estarán abertas de luns a domingo, desde as 8 ata as 22 horas, un horario ampliado sobre o de apertura da catedral para poder atender ao maior número de persoas posible.

- As visitas deberán interromperse 30 minutos antes das celebracións no altar maior da catedral, durante as cales non está permitida a visita cultural e turística ao interior do templo. Deste xeito, non haberá visitas:

Luns a venres, entre as 11,30 e as 13 horas; e entre as 19 e as 20,30 horas.

Sábados, entre as 9,30 e as 11 horas, entre as 11,30 e as 13 horas e entre as 17,30 e as 19 horas

Domingos, entre as 9,30 e as 11 horas, entre as 11,30 e as 14 horas e entre as 17,30 e as 20:30 horas.

- En determinadas circunstancias, por motivos de conservación, o Pórtico da Gloria non poderá abrirse ás visitas. Nestes casos, a persoa responsable da restauración do Pórtico da Gloria indicará ao persoal de seguridade o peche de portas.

- Principalmente, o peche ás visitas por esixencias de conservación será nas seguintes circunstancias:

Vento do suroeste e choiva

Exceso de calor

Cando as variables de TSA véxanse alteradas

- Na cartelería, folletos e páxina web da catedral informarase o público destas limitacións e outras normas de visita: prohibido facer fotos e filmacións, entrar con mochilas, paraugas, bastóns de peregrino e outros elementos que se poidan considerar perigosos, respectar as indicacións do persoal da catedral, etc.
- Para grupos de persoas con discapacidade habilitarase un contacto para reservar visita e poder acceder desde o interior da catedral

Segunda.- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado para as actuacións obxecto deste convenio ascende a **73.000€** (IVE incluído) que se distribúen do seguinte xeito:

- 6 vixiantes de seguridade sen arma, todos os días da semana: 1.351, 85/ día
- 1.351,85€ por 54 días (27 de xullo a 20 de setembro de 2018): 73.000€ (Datas que poderían sufrir variacións sempre dentro do período de xullo a setembro).

Deste orzamento, a Axencia Turismo de Galicia financiará as actividades relacionadas no presente convenio cunha achega de 73.000€, con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.480.0, proxecto 2015 00006, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2018.

Esta achega canalizarase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pagamento dos gastos correspondentes a favor da Fundación Catedral de Santiago, unha vez que esta entidade presente a xustificación das actuacións realizadas e se comprobe a axeitada xustificación así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención.

Terceira.- Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollida na cláusula segunda e que se realicen a partir do **1 de xaneiro de 2018**. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co artigo 29.7 da Lei de subvencións de Galicia, os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

Así mesmo, o IVE é gasto subvencionable de conformidade co disposto no artigo 29.8 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sempre que non sexa susceptible de recuperación ou compensación, extremo que se acreditará mediante declaración responsable pola Fundación Catedral de Santiago.

Cuarta.- Compromiso das partes.

1. A Fundación Catedral de Santiago, como entidade beneficiaria da subvención da Axencia Turismo de Galicia, asume as seguintes obrigas:

- Levar a cabo as accións obxecto do convenio.

- Xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.

- Incluír en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia a través da Axencia Turismo de Galicia e incluír a “Marca Turística de Galicia” en todas as actividades obxecto do presente convenio de colaboración.

- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención.

- Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.

- Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

- Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei. No caso de non atender o requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 do citado texto legal.

- As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. A Axencia Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través do outorgamento dunha subvención polo importe establecido na cláusula segunda.

Quinta.- Compatibilidade

A achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos, axudas ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.

Sexta.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia Turismo de Galicia, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Sétima .- Xustificación e pagamento

A xustificación da subvención da Axencia Turismo de Galicia efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co previsto nos artigos 28 da Lei 9/2007, do 13 de

xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 48 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que conterá a seguinte documentación:

- 1) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- 2) Unha memoria económica xustificativa do custe das actividades realizadas, que conterá:
 - a) Unha relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento, con indicación das desviacións, de terse producido estas.
 - b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago.
 - c) Documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).
 - d) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
 - e) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar o beneficiario, salvo que polas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou suministren, ou salvo que o gasto houbérase realizado con anterioridade á solicitude da subvención.
 - f) No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados destes.

3) Asemade deberá indicarse un número de conta para o ingreso da subvención e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.

A entidade Fundación Catedral de Santiago ademais deberá presentar:

- Declaración de non estar incurso en ningunha das circunstancias para obter a condición de beneficiario/a das subvencións reguladas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, recollidas no artigo 10 da Lei.
- Certificación acreditativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma.

Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración de Turismo de Galicia e a “Marca Turística de Galicia”.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.

Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do prazo de xustificación. Exceptúanse aqueles gastos cuxos pagamentos deban efectuarse nun momento posterior por axustarse aos calendarios de recadación, como os ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación. O importe destes ingresos ou cotas considerarase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) en que se reflicta o importe de retención ou cotizacións devengadas na data de xustificación. A Fundación Catedral de Santiago quedará obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario.

A Axencia Turismo de Galicia reservase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será o **31 de outubro de 2018**.

Non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio, e se compensen uns conceptos con outros, conforme ao previsto no artigo 74.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que finalmente o orzamento executado fose inferior ao orzamento estimado previsto na cláusula segunda deste convenio, e sempre que se cumprira o obxecto deste, minorarase a achega da Axencia ao importe efectivamente xustificado.

Oitava.- Pagamentos anticipados e a conta da subvención da Axencia Turismo de Galicia

Poderanse realizar pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación conforme ao artigo 63.1.Un do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de ata un 80 % sobre os primeiros 18.000 € e de un 10% adicional sobre o importe que exceda dos 18.000 € e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

Así mesmo poderanse realizar pagamentos a conta conforme ao artigo 62 do dito Regulamento que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, e pola porcentaxe establecida nesta cláusula.

Para proceder ao seu pagamento, a Fundación Catedral de Santiago deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula sétima respecto das actuacións executadas.

A suma dos pagamentos anticipados e a conta non será superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, nin excederá da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

A Fundación Catedral de Santiago está exenta da obriga de prestar garantía de conformidade co disposto no artigo 65.4 f) do citado Decreto 11/2009.

Novena.- Reintegro da subvención

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas a Fundación Catedral de Santiago deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do citado Regulamento.

Décima.- Comisión de Seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución créase unha Comisión de Seguimento que estará integrada por un representante designado pola Fundación Catedral de Santiago e un representante designado pola Axencia Turismo de Galicia.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17

decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Décima primeira.- Modificación do convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a súa concesión dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Décima segunda.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.
- O acordo unánime de todos os asinantes.

Décima terceira.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, que os exclúe expresamente no artigo 6.2.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; as Leis 39/2015 e 40/2015, do 1 de outubro, e pola demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin á vía administrativa e contra elas poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, segundo o disposto na Lei reguladora da dita xurisdición.

Décimo cuarta.- Publicidade e rexistro do convenio

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adiante) comunicárase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información en materia de subvencións. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Décimo quinta.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2018.

En proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio, por duplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data expresados no encabezamento.

Pola Axencia Turismo de Galicia

Pola Fundación Catedral de
Santiago

D^a María Nava Castro Domínguez

D.